



CONCELLO DE CAMARIÑAS

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 15 DE ABRIL DE 2021

Convócanse probas selectivas, mediante concurso-oposición, para a **CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO PEÓNS**, polo período previsto de duración do contrato de seis meses e dez días, ao abeiro da subvención outorgada pola Deputación da Coruña no marco do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021, cuxas bases foron aprobadas por Decreto da Alcaldía de data 15 de abril de 2021, as cales se transcriben a continuación:

“BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE CATRO PEÓNS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO MARCO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021 (BOP Nº 29 DO 09/12/2020)

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a regulación da contratación de catro peóns ao abeiro da subvención outorgada pola Deputación da Coruña no marco do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021.

A presente contratación realízase e queda vinculada ao Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021, e á concesión pola Deputación da correspondente achega ao Concello de Camariñas mediante a Resolución 2021/4566, publicada no BOP nº 29 de data 12 de febreiro de 2021.

Estes traballadores se adicarán a execución das actividades subvencionadas sendo as tarefas a desenvolver, a mero título enunciativo as seguintes:

- Limpeza viaria: desbroce de cunetas das vías municipais.
- Reparación do pavimento das vías públicas: bacheo das vías municipais.
- Limpeza viaria: Desbroce dos roteiros de senderismo.
- Apoio aos barrendeiros de Camariñas, Ponte do Porto e Camelle durante o verán.

SEGUNDA.- MODALIDADE CONTRACTUAL, DURACIÓN E RETRIBUCIÓNS.

A modalidade do contrato é a regulada polo art. 15.1 a) Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, é dicir contrato de traballo de duración de terminada (obra ou servizo determinado) e a xornada completa para desenvolver as funcións as que se refire a base anterior.

A duración do contrato será o tempo preciso para o desenvolvemento e execución das actuacións que se recollen na base primeira, sendo estimada en seis meses e dez días, e en todo caso a contratación non terá unha duración máis alá do 31 de decembro de 2021.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

O horario de traballo será fixado de acordo coas necesidades do servizo en virtude de Decreto da Alcaldía.

Fíxase unha retribución bruta mensual de 1.209,18 € (salario base 1.036,44 € e parte proporcional paga extraordinaria, devengo semestral, 172,74 €).

TERCEIRA.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para poder participar na selección, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

A) Ser cidadán español, sen prexuízo do establecido no art. 57. 4 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Empregado Público en canto resulte de aplicación e nos termos establecidos.

B) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

C) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

D) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.

As persoas con discapacidade igual ao superior ao 33 por cento deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de discapacitado acreditarase mediante certificación expedida por organismo competente.

E) De conformidade co establecido nas bases do programa de integración laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2020 os/as aspirantes deberán estar en situación de desemprego e nalgunha das seguintes situacións:

- Ser muller.
- Ser maior de 45 anos.
- Ser parado de longa duración, consideraranse como tal aquelas persoas que leven inscritos máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego.
- Ter recoñecida pola administración competente unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- Ser unha persoa que estea nalgunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas en fogar monoparental/monomarental e persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Ser vítima de violencia de xénero.

Os anteriores requisitos deberanse posuír con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

Será nula a contratación dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

1.- As solicitudes presentaranse en modelo oficial que se achega como anexo ás bases, dirixidas á Alcaldía, presentaranse no Rexistro Xeral das oficina municipais en horario de oficina ou no Rexistro telemático (sede electrónica), durante o prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, esta se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose a data de publicación no taboleiro de anuncios do Concello). Ademais as instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso os aspirantes deberán comunicalo mediante fax ao número: 981736319 ou ao correo electrónico: correo@camarinas.net, achegando copia da solicitude rexistrada.

Ao atoparnos nunha situación excepcional recoméndase (sen ser obrigatorio) a presentación da citada documentación/solicitudes de forma telemática pois a presentación presencial poida que se vexa “entorpecida” por limitacións de aforo nas oficinas municipais en atención ás medidas adoptadas con motivo da COVID-19; reitérase a posibilidade de presentación por calquera das vías enunciadas anteriormente (artigo 16 da Lei 39/2015).

2.- Ás solicitudes que se presentarán no modelo que se achega como anexo nas presentes bases deberán acompañarse de fotocopia compulsada ou orixinal da seguinte documentación:

2.1- Para todos os aspirantes:

Documento Nacional de Identidade ou equivalente.

Tarxeta de demandante de emprego a cal deberá estar emitida no prazo de presentación de solicitudes.

2.2.- Dependendo da situación á que se refire o apartado E) da base 3ª ademais da documentación do punto anterior deberá achegarse a seguinte:

- As persoas con discapacidade deberán acreditar tal condición mediante certificado de minusvalía debidamente actualizado, expedido polo organismo competente.
- As persoas desfavorecidas que estea nalgunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais deberán acreditar tal condición mediante informe do servizos sociais municipais.
- Ser parado de longa duración deberá acreditarse tal condición mediante informe de períodos de inscrición debidamente actualizado emitido pola oficina de emprego.
- Ser vítima de violencia de xénero deberá acreditarse tal condición mediante informe do servizos sociais municipais.

2.3 No caso de alegar méritos unha relación dos mesmos e a correspondente documentación acreditativa, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia.

3.- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

4.- Como xa se dixo na base anterior estes requisitos deberán de posuírse con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e especialmente, de ser o caso, no momento da contratación polo que calquera alteración deberá ser comunicada a esta Administración, en especial con ocasión da formalización dun contrato de traballo.

En todo caso a administración poderá realizar as comprobacións que considere oportunas en orde a verificar/comprobar especialmente a situación de desemprego e discapacidade alegada.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución dentro dos cinco días hábiles seguintes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, indicando os motivos da exclusión no caso de que os houberse. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

No caso de que as solicitudes non deran lugar á subsanación a resolución da Alcaldía aprobará xa a lista definitiva de aspirantes admitidos.

Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 5 días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do procedemento.

Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación dos membros do tribunal e o lugar, data e hora do comezo do proceso de selección (concurso) e a realización do exercicio de oposición. Esta resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía (titular e suplente).

Vogais: Tres empregados/as públicos a designar pola Alcaldía (titulares e suplentes).

Secretario/a: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía, que actuará con voz e sen voto (titular e suplente).

A designación concreta dos membros do tribunal se efectuará e fará pública antes de rematar o prazo de presentación de instancias.

2.- Os membros do Tribunal estarán suxeitos ós supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non podendo ser nomeados membros, colaboradores ou asesores do



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

tribunal os que realizasen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria.

3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de aló menos tres dos seus membros. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

4.- O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5.- O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

SÉTIMA: DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de concurso- oposición de acordo co seguinte detalle:

A FASE DE CONCURSO:

A fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio, será a primeira obxecto de valoración. En todo caso a puntuación obtida nesta fase non poderá aplicarse para superar a fase de oposición.

Constituído o Tribunal, este reunirse na sesión ou sesións non públicas que sexan necesarias para os efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes admitidas. O resultado da valoración farase público, mediante a súa exposición no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e a título meramente informativo na sede electrónica, con anterioridade á realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

PUNTUACIÓN E MÉRITOS DO CONCURSO:

Aos efectos de dar cumprimento ás bases, en concreto á 7ª, do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021 ás que están vinculadas a/s presente/s contratacións/selección de persoal, na fase de concurso serán valorados os méritos que figuran a continuación e da seguinte forma.

A puntuación máxima total do concurso establécese en dous (2) puntos.

Os méritos a valorar: ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administración Pública.

A puntuación: 1 (un) punto por cada programa.

A acreditación destes méritos realizarase documentalmente.

A FASE DE OPOSICIÓN:



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Os aspirantes deberán acudir á proba na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo os casos de forza maior debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal.

Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

Será obrigatorio o uso de máscaras segundo o recollido na Orde SND/422/2020, do 19 de maio, pola que se regulan as condicións para o uso obrigatorio de máscara durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

A actuación dos aspirantes no exercicio levarase a cabo por orde alfabética, empezando por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra "Y", conforme ao sorteo que realizou a Consellería de Facenda para o ano 2021, (DOG nº 24, de data 5 de febreiro de 2021).

As cualificacións do exercicio faranse públicas o mesmo día en que se acorden e serán expostas no Taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica.

EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN:

A oposición consistirá na realización dunha proba práctica:

Realización dunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio consistente nunha simulación de traballo, tal como: manexo de maquinaria, adopción de medidas de seguridade e hixiene no traballo, sinalización de obras ou calquera outra tarefa/s relacionada/s co posto.

Esta proba será determinada polo tribunal inmediatamente antes do comezo da súa realización, debendo ser executada no tempo e forma que o Tribunal determine. Nesta proba práctica se valorará a calidade e rapidez da execución das tarefas así como aqueles outros aspectos que determine o Tribunal.

Puntuarase a mesma **ata un máximo de 8,00 puntos**. Para superar o exercicio os/as aspirantes deberán de obter unha puntuación igual ou superior a 4,00 puntos.

DESEMPATE

No suposto de empate a puntos entre dous ou máis candidatos/as o mesmo resolverase por sorteo.

PUNTUACIÓN FINAL

A puntuación virá determinada pola suma da puntuación da fase de concurso e a fase de oposición.

En caso de empate a orde será establecida polo resultado do sorteo.

OITAVA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN, RESERVAS E CONTRATACIÓN

O Tribunal cualificador, elevará á Alcaldía a correspondente proposta de contratación laboral temporal que corresponderá aos/ás catro primeiros/as aspirantes da listaxe ordenada por puntuacións totais/finais (aprobados).

Así mesmo elevará a correspondente listaxe por orde decrecente de puntuación totais/finais do/s aspirante/s que supere/n o proceso selectivo pero que non acaden as catro maiores puntuacións (incluído o resultado, no seu caso, do sorteo) e non teñan dereito á formalización do contrato de traballo. Esta listaxe terá como finalidade o establecemento nun primeiro momento dunha listaxe de "reservas", ata a formalización dos catro contratos de traballo, e posteriormente a creación dunha bolsa de emprego.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

De non superar as probas establecidas ningún/ningunha aspirante, o Tribunal declarará deserto o procedemento.

Mediante Decreto de Alcaldía determinarase a listaxe definitiva de aprobado/s e se establecerá unha listaxe de “reservas”, que, como xa se dixo, se corresponderá cos candidatos/as que superen inicialmente o proceso selectivo pero que non acaden as catro maiores puntuacións.

O citado Decreto será publicado no taboleiro de anuncios do Concello e a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

No mesmo Decreto se requirirá os aspirante/s proposto/s para a contratación para que dentro do prazo máximo de **3 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación proceda/n a presentar a seguinte documentación:

a.- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade

b.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

c.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

d.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.

e.- Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo organismo competente.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación sinalada na presente base, agás nos casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, fará que a persoa seleccionada quede excluída do procedemento e polo tanto non se poderá proceder á súa contratación; todo isto sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerarase feita a prol do seguinte aspirante que superou o proceso selectivo por orde de puntuación, “reserva”, requiríndoselle para que no prazo de tres días hábiles presente a documentación antes referida.

Presentada a documentación, e sendo a mesma conforme, a Alcaldía procederá, previa resolución, á contratación do/a aspirante formalizándose o correspondente contrato laboral, na data que se sinale, para o que será necesario que previamente se comunique o número de afiliación á Seguridade Social (no caso de que este non tiña sido comunicado previamente, dita comunicación deberá facerse no prazo que se sinale por esta Administración).

Mentres non se formalice o contrato e non se produza a incorporación ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas

NOVENA.- CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

Unha vez formalizados os catro contratos de traballo de conformidade co previsto na base anterior, mediante Decreto de Alcaldía determinarase a listaxe e orde definitiva dos



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

integrantes da bolsa de emprego cos candidatos/as que superasen o proceso selectivo pero que non teñan dereito á formalización do contrato de traballo.

A orde da bolsa virá determinada pola puntuación final obtida no proceso selectivo polos distintos aspirantes que o teñan superado. Esta bolsa fórmase para o caso de renuncia, incapacidade laboral, baixa voluntaria ou situacións análogas de vacancia nos postos.

O citado Decreto será publicado no taboleiro de anuncios do Concello e a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

DÉCIMA.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA EMPREGO E CONTRATACIÓN DOS INTEGRANTES

Como xa se dixo a bolsa de emprego crease para o caso de renuncia, incapacidade laboral, baixa voluntaria ou situacións análogas de vacancia nos postos aos que se refiren as presentes bases de selección e sempre cando o Concello considere necesario acudir a ela.

A orde de chamamento dos/as aspirantes será pola orde na que figuren na bolsa.

O chamamento realizarase por teléfono ao número indicado polo aspirante na solicitude de participación no procedemento de selección, ou o que con posterioridade indique por escrito, por medio de dous intentos en horas distintas cunha diferenza mínima de 5 horas entre chamada e chamada.

Deixarase constancia no expediente que se tentou contactar na forma indicada no parágrafo anterior, deixando constancia por escrito, ademais, dos que renunciaron, dos que non contestaron ao chamamento e do/a candidato/a que acepta o posto de traballo.

Cada vez que vaia a facer unha contratación comezase a chamar aos/as candidatos/as polo orde da bolsa de traballo, comezando sempre pola primeira persoa dispoñible da listaxe que conforma a bolsa.

O aspirante disporá dun prazo máximo dun día hábil para aceptar, xa sexa por escrito ou telefonicamente, a oferta de emprego temporal que se lle ten ofrecido, salvo necesidade urxente de contratación en cuxo caso a aceptación ou renuncia será inmediata á chamada telefónica, neste último caso se deixará constancia mediante dilixencia da persoa encargada da comunicación. Se no prazo conferido o interesado non acepta a oferta ou, se considera que a rexeita, se chamará ao seguinte.

Si algún/algunha candidato/a non contesta, entenderase que renuncia ao posto e seguirase chamando aos seguintes do listado co fin de axilizar e non paralizar o proceso de contratación.

A imposibilidade de establecer contacto telefónico non suporá para o aspirante a alteración da orde que ocupa na bolsa.

No caso de que un/unha integrante da bolsa renunciase, salvo por causa xustificada, pasará á posición final da bolsa no suposto dunha primeira e segunda renuncia e quedará excluído/a da bolsa no suposto dunha terceira.

O integrante da bolsa non presentase a documentación á que se refire a base 8ª ou non a presentase no prazo outorgado e/ou non concorrese á formalización do contrato na data fixada quedará excluído definitivamente da bolsa, salvo causa xustificada.

A extinción dun contrato por baixa voluntaria do traballador comportará a exclusión da bolsa de traballo, salvo causa xustificada.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Considéranse causas xustificadas de renuncia, cese ou baixa:

- Estar en situación de IT ou situación médica temporalmente incapacitante ou en tramitación de calquera expediente de incapacidade permanente parcial polo INSS para o desempeño de determinados postos de traballo non inhabilitante para a categoría á que se presentara.
- Estar no período temporal correspondente ao permiso de maternidade/paternidade.
- Embarazo de risco.
- Cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal, en tanto se manteña o mesmo.
- Estar realizando unha acción ocupacional para mellora da empregabilidade a través dunha Administración Pública ou organismo homologado para impartición de tales acción.
- Estar prestando servizos nun posto de traballo do sector público ou privado.
- Calquera outra circunstancia excepcional ou extraordinaria que sexa debidamente apreciada pola Alcaldía.

A “*causa xustificada*” deberá ser acreditada documentalmente ante o Concello no prazo de 10 días hábiles, desde que se ten producido a renuncia, cese ou baixa de non facerse así non se considerará como “*causa xustificada*”.

Estes aspirantes permaneceran na listaxe na mesma posición en situación de “suspensión por causa xustificada” ata o momento no que acheguen a documentación xustificativa de que ten cesado a situación e a súa dispoñibilidade inmediata para un novo contrato. Aos efectos dos dereitos de chamamento entenderase que existe dispoñibilidade efectiva desde o día seguinte hábil á comunicación.

Con carácter previo á formalización do contrato de traballo o candidato deberá presentar a documentación á que se refire a base 8ª, agás aquela que obre xa en poder da administración, o prazo para a presentación será determinado pola administración tendo en conta a dispoñibilidade inmediata que poden motivar/esixen estas contratacións.

Nos restantes aspectos relativos á formalización do contrato de traballo se estará ao establecido na base 8ª.

UNDÉCIMA.-INCIDENCIAS.

1.- En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto de Traballadores, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

2.- No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non o superar ningún aspirante ou por non presentarse ningún ao proceso ou no caso que non se cubran o número de prazas convocadas, a Alcaldía queda autorizada a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

IMPUGNACIÓN

Documento firmado electrónicamente, se puede validar la firma con el código indicado al margen en la <https://sede.camarinas.net>. El código de verificación garantiza, mediante el cotejo en la sede electrónica municipal, la integridad del documento (artículo 42.b de la Ley 40/2015, del 1 de octubre, do Régimen Jurídico del Sector Público).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo.

No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución expresa do mesmo este se poderá entender desestimado.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, as solicitudes de revisión de exame que poidan presentarse polos aspirantes serán consideradas como solicitudes de acceso ao expediente ao abeiro do previsto nos artigos 13.d) e 53.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo a única obriga para o Tribunal de Selección a de expoñer os criterios técnicos xerais que se tiveron en conta para a obtención da puntuación.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

1º APELIDO:	2º APELIDO:	NOME:	
D.N.I./N.I.E./PASAPORTE Nº:	DATA DE NACEMENTO:	NACIONALIDADE:	
ENDEREZO:	C.P.:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:	TELÉFONO 1:	CORREO ELECTRÓNICO:	

EXPOÑO:

Á vista da convocatoria para contratación de catro peóns ao abeiro da subvención outorgada pola Deputación da Coruña no marco do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021 e DECLARANDO reunir todas e canda unha das condicións que se esixen na base terceira da convocatoria, e co coñecemento e expresa aceptación de tódolos termos da mesma,

SOLICITO:

A participación no proceso selectivo de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Para todos os aspirantes:

- Documento Nacional de Identidade ou equivalente.
- Tarxeta de demandante de emprego.

Dependendo da situación á que se refire o apartado E) da base 3ª ademais da documentación do punto anterior deberá achegarse a seguinte:

- Certificado de minusvalía debidamente actualizado, expedido polo organismo competente.
- Informe do servizos sociais municipais.
- Informe de períodos de inscrición debidamente actualizado.

No caso de alegar méritos:

- Relación de méritos:
- Documentación acreditativa:

DATA E SINATURA DO SOLICITANTE

En Camariñas, a ___ de _____ de 2021

ALCALDÍA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS".

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa Dª Sandra Insua Rial.